

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 105 - Formación e orientación laboral
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [14/06/2021]

CRITERIOS PROBA 1 A (Consistirá na realización dun ou varios supostos de entre os propostos polo tribunal, relacionados co temario da oposición e co currículo dos módulos dos ciclos formativos cuxa competencia docente esta atribuída á especialidade de FOL)

- Os resultados dos exercicios serán correctos e estarán xustificados, como requisitos indispensables para a súa cualificación máxima. Os resultados dos exercicios non serán tomados en consideración se non están xustificados.
- Resposta organizada e clara, con dominio da terminoloxía da especialidade.
- Coherencia entre o contido exposto e o suposto práctico.
- Adecuada expresión escrita, capacidade de redacción, correcta ortografía, así como pulcritude na presentación.
- Lectura da proba fluída e áxil, como resultado dunhas expresións escrita e oral correctas.

CRITERIOS PROBA 1B (Proba escrita consistente na redacción dun tema a elixir pola persoa opositora de entre os cinco sorteados previamente polo tribunal)

- Claridade, lexibilidade e corrección gramatical e ortográfica.
- Tratamento de todos os epígrafes axustándose aos contidos do tema.
- Manifestación de coñecementos específicos, técnicos e científicos.
- Emprego de vocabulario técnico adecuado.
- Citado das fontes, dos recursos bibliográficos e legislativos relacionados co tema.
- Actualización dos contidos da resposta á data do día do exame.
- Lectura do tema fluída e áxil, como resultado dunhas expresións escrita e oral correctas.

CUALIFICACIÓN PRIMEIRA PROBA

A primeira parte e a segunda parte da proba cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

¿ Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

¿ Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS PROBA 2A (Presentación e defensa dunha programación didáctica)

CRITERIOS PROBA 2B (Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica diante do tribunal relacionada coa programación presentada pola persoa aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade)

Segundo Rúbricas publicadas pola Subdirección Xeral de RR HH

CUALIFICACIÓN SEGUNDA PROBA

A primeira parte e a segunda parte da proba cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

- Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

- Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 % do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN